

A xuventude de todo o mundo facemos fronte común pola Democracia

A Democracia en España sufriu unha regresión alarmante dende a morte do ditador, en 1975. A violación dos dereitos fundamentais sitúa ao país nun contexto de involución democrática e política, de tendencia represiva en aumento.

O Estado español atacou directamente o corazón da Democracia; principalmente, o pluralismo político e a liberdade de expresión. Puxéronse en dúbida os dereitos civís individuais e colectivos máis básicos recollidos na Carta Internacional de Dereitos Humanos, o Convenio Europeo de Dereitos Humanos e na propia Constitución española. Son os dereitos de manifestación, reunión, liberdade de expresión, asociación e participación na vida pública. A actuación do Estado foi represiva, tanto pola violencia desproporcionada dos corpos policiais como pola xudicialización de accións políticas non violentas, como pola condena de artistas, pensadores e outra xente de paz. Ademais, durante os procesos xudiciais, vulneráronse dereitos fundamentais como o dereito a un xuízo equitativo, o dereito de defensa e a presunción de inocencia e non se respectaron os principios de legalidade e de proporcionalidade, polo que se viu afectada directamente a dignidade das persoas e atentouse gravemente contra a xustiza como valor universal.

O Goberno español quixo facer dun conflito político unha causa xudicial que converte Cataluña nun laboratorio para poder perseguir por todo o Estado a quen cuestionan o *status quo*. En Cataluña e en España están en risco os fundamentos sobre os cales debería constituírse calquera sociedade democraticamente xusta. Polo tanto, todos os que a defendemos sentímonos interpelados máis alá de toda fronteira e de cal sexa nosa opción política. Por iso, ante a represión do Estado español e a inacción da Unión Europea, facemos fronte común coa xuventude catalá.

A solidariedade é imprescindible na construción de modelos de sociedade democráticos. Cremos firmemente que a cidadanía é quen ten a forza e o poder para decidir en que sociedade quere vivir. E, neste intre, a xuventude organizada debe ser motor de cambio e de transformación a un mundo máis xusto e democrático. A actitude que hoxe teñamos a mocidade marcará as sociedades nas que viviremos mañá.

Así pois, dado que a fronte que actualmente se xoga en Cataluña é “Democracia si ou Democracia non”, nós, mozos de todo o mundo, situámonos ao lado da Democracia e da defensa dos dereitos e das liberdades fundamentais.

É por todo iso que:

- Ante a extrema gravidade da represión policial e xudicial do Estado español contra o pobo de Cataluña, súas institucións e seus representantes políticos e sociais;
- Fronte a arbitrariedade do aparello xudicial español, que aprisiona ao adversario político e que obriga ao exilio a outros militantes e representantes das forzas políticas e sociais independentistas;
- Contra a fricción creada polo xuíz instrutor do Tribunal Supremo, Pablo Llarena, que relata autos interesados para criminalizar accións non violentas;

A xuventude organizada e comprometida cos valores democráticos do pluralismo político, a loita non violenta contra a opresión e o progreso social:

1. Esiximos a inmediata posta en liberdade das presas e presos políticos cataláns e o libre retorno dos e das representantes institucionais e militantes que están no exilio, así como das demais persoas represaliadas por parte do Estado español.
2. Expresamos noso cálido apoio a todas as persoas que sufriron en primeira persoa as accións represivas do Estado español: representantes electos, artistas, pensadores e pensadoras, persoas da sociedade civil organizada e persoas a título individual que foron reprimidas con violencia policial, denunciadas, detidas e/ou encarceradas inxustamente por razóns políticas ou que tiveron que exiliarse.
3. Instamos ás autoridades dos diferentes países europeos a recoñecer e a mostrar activamente súa discrepancia coa situación de persecución xudicial, tanto de dirixentes políticos, como de artistas ou de membros da cidadanía, que se está vivindo en España.
4. Recoñecemos a plena soberanía do pobo catalán e seu dereito a poder decidir, democraticamente, seu futuro como pobo.
5. Recoñecemos a lexitimidade do Goberno da Generalitat de Cataluña, que só se pode ser elixido polo Parlamento de Cataluña, xurdido da vontade popular, e que foi cesado de forma ilexítima polo Goberno español, a través da imposición do artigo 155 da Constitución española de 1978.
6. Denunciamos que, tras as eleccións do 21 de decembro de 2017 ai Parlamento de Cataluña, obstaculizouse a actividade parlamentaria dos seus representantes electos, o que supón unha vulneración dos dereitos políticos dos deputados e deputadas, así como de toda a cidadanía (dereito activo e pasivo)
7. Denunciamos a impiedade coa que os grupos fascistas de ultradereita actúan violentamente polas rúas, mentres se reprimen, se xudicializan e se castigan as voces críticas que se opoñen pacificamente aos abusos de poder
8. Reclamamos que se abra unha investigación e se depuren responsabilidades pola represión policial do 1 de outubro de 2017 en Cataluña contra a cidadanía indefensa, que só quería exercer pacificamente seu dereito a voto.
9. Comprometémonos a colaborar nunha rede de observadores permanentes que vele pola defensa dos dereitos humanos das persoas encarceradas ou encausadas e que a liberdade, a democracia e a soberanía do pobo e das institucións catalás sexan pronto unha realidade en Cataluña e en España.

A xuventude organizada de todo o mundo solidarizámonos coa loita pola Democracia, os dereitos e as liberdades que se están producindo en Cataluña e facemos noso seu grito contra a regresión democrática do Estado español.

Xaneiro 2019